

artes vivas, inmunidade e comunidade social

Ania González - avogada e crítica de arte



“<spivak id="1" clase="afirmación"> El formato es algo frontal, sobretodo desde el punto de vista escenográfico. </spivak> spivak id="1" clase="Pregunta"> El mercado es util? </spivak> <spivak id="2" clase="afirmación"> Sirva o no sirva el mercado, más allá de la documentación estamos generando un código que se nos impone (nos imponemos) </spivak>”¹

Hai unha cita de Agamben moi axeitada para comezar a falar das artes vivas como manifestación de contemporaneidade. É esa que explica no seu texto *¿Qué é o contemporáneo?*² a fractura vertebral que existe a visión contemporánea, capaz de encarar ao mesmo tempo a luz dun tempo histórico xa coñecido que queda atrás e a oscuridade brutalmente frontal do seu propio tempo. Podería ser un bo inicio para este texto pero dame unha pereza soberana citar a Agamben.

Por outra banda xa son varias as ocasións nas que en escritos en torno á obra de artistas como Esther Ferrer, o feminismo non identitario, a poesía ou a crítica cultural teño explicado a miña re-

¹ *Can Spivak Speak?* Horacio González e Ania González. Conferencia performativa impartida no ciclo *A2 produções em torno da arte contemporânea/ Proximidade e Aproximação. Culturgest*, Porto 2014. [<https://www.vhplab.net/spip.php?article225>]

² Texto leído polo filósofo G. Agamben na lección inaugural del curso de Filosofía Teórica 2006- 2007 na *Facold. di Arri e Design* del Instituto Universitario di Architettura di Venezia. [<http://www.bibliopsi.org/docs/carreras/obligatorias/CFP/adultos/lombardi/l%20primer%20cuatri%202020/391300078-Agamben-Que-Es-Lo-Contemporaneo-en-Desnudez.pdf>]

“ a comunidade das artes vivas está a facer algo que non se tiña feito aquí desde o século pasado: crear mundo común”

cepción persoal das orixes, as referencias e a transcendencia histórica do concepto, central nas artes vivas, de performatividade. Podería volver recoller as ideas de R. Jakobson, E. Benveniste, L.T. Hjelmslev, J. Austin, B. Spinoza, Sade, D. Haraway, P. Sollers, M. Durás, F. Cheng, ou J. Butler sobre os efectos de realidade da linguaxe facendo mención explícita ao feito de referirnos de maneira intensiva á linguaxe humana, estrictamente lingüística ou ben de xeito extensivo a unha linguaxe animal máis dionisíaca como a linguaxe-danza. Tampouco o vou facer.

Estas son as miñas primeiras frases escritas tras o confinamento por alarma epidemiolóxica global e quen sabe se desde un corpo infectado asintomático incapaz de concentrarse ou afectado na súa propia memoria. O que era xa non é máis. Un novo principio de realidade está a agromar neste preciso instante e esta escrita chega á vida nun mundo onde xa non se practica o “pel con pel”, ten por tanto aínda que é íntima un pulso descoñecido.

Estes últimos meses de traballo de acompañamento e asesoramento xurídico á Plataforma de Afectadas polo Centro Coreográfico (PACCG), recén transformada e ampliada na Plataforma de Artes do Movemento (PAM), déronme a oportunidade de ter unha visión singular sobre o papel que están a ter as artes vivas, en especial no entorno da danza contemporánea e a investigación performativa, na escena cultural galega actual. Un papel que non carece de antecedentes históricos, por suposto, pero do que me interesa sinalar aquí a súa efectiva transcendencia á ruptura comunitaria que nos está a impoñer a actual situación de pandemia global.

¿É posible que a recente mobilización da PACCG fronte as medidas previstas pola AGADIC para a súa remodelación interna que prevé a desaparición do departamento de danza como unidade de produción administrativa e o baleirado funcional e económico do Centro Coreográfico Galego (CCG), así como o seu posicionamento performativo no interior do proceso institucional liderado pola Xunta de Galicia de redacción dun Plan Integral da Danza, baixo a aparencia dunha loita por un obxectivo estratéxico concreto puidera agochar o ensaio xeral dunha coreografía na que o corpo das súas executantes tórnase comunidade social; programado coa antelación xusta para que esa transformación suceda no limiar da máis fonda ruptura comunitaria da nosa historia recente?

Estou segura; é a miña visión. Véxoa danzar. Son testemuña.

No seu libro *Immunitas. Protección y Negación de la vida*, o filósofo Roberto Espósito dí: “O corpo nunca é orixinal, acabado, íntegro, feito dunha vez por todas senón que continuamente e cada vez faise segúns as situacións e os cruces que determinan o seu desenvolvemento. Os seus límites non o bloquean nun mundo pechado; ao contrario, constitúen a marxe, delicada e problemática por certo, pero sempre permeable, da súa relación con aquilo que, aínda que se sitúe no seu exterior, desde o comezo o atravesada e o altera.”

A condición do corpo como escena plural constantemente atravesada e alterada polo seu contexto é e será a condición de inmunidade e polo tanto de supervivencia das artes vivas neste tempo de letalidade vírica. No seu exercicio de determinación dun suxeito en continua interacción dinámica co medio, ademais de mudar o léxico da guerra polo do recoñecemento está a conseguir transcender cuestións como a unidade e a unicidade subxectiva – as dúas causas principais do fracaso da acción artística directa no ámbito social – cara un corpo novo que é en cada unha das súas manifestacións individuais, comunidade social.

“o modelo de mundo da arte contemporánea foi creado por un mundo (da arte) que xa non é máis”

Polo contrario, as manifestacións máis tradicionais do mundo da arte contemporánea vixentes no século pasado, perecerán neste trance global ou permanecerán como artes mortas en vida, en tanto a irrupción dunha ameaza exterior, como a que está a sufrir nestes momentos de crise, non produza no seu corpo historicamente individualizado e definido mediante o recoñecemento do que é igual a sí, máis que unha tormenta inmunolóxica na que elas mesmas autodísolvense atacadas polo seu propio sistema de defensa e protección.

Lonxe da representación áurea do corpo, a escena plural das artes vivas estase a mover como un corpo en crise de paixóns e intereses continua, ao coidado das súas doenzas e potencias, rexeitando vellas estruturas xerárquicas ou utilitaristas pero o que é sumamente importante, sen renunciar ao exercicio do poder nin a súa utilidade funcional. Cunha conciencia estética do movemento que implica o equilibrio ético da forma e da familia escollidas. Unha escolla que quizáis por primeira vez en Galicia desde os tempos máis urxentes da defensa das liberdades persoais e políticas non se lexitima na preferencia ou a afinidade subxectivas senón na escoita atenta dos propios procesos de creación e investigación artística.

No exercicio transformador da acción directa con efectos de realidade, é dicir, no campo da performatividade non se trata de ter un bo criterio para escoller os suxeitos senón de coñecer suficientemente as técnicas para conseguir implicar ás materias. Outra diferenza flagrante en termos de supervivencia entre o comisariado no ámbito das artes vivas e das artes non vivas. Se queremos mudar a escena cultural nunha escena realmente plural é totalmente necesario que as manifestacións artísticas impoñan o recoñecemento da súa linguaxe nas negociacións institucionais, financeiras, políticas e estéticas. É aí onde a comunidade das artes vivas en Galicia está a facer algo que insisto, non se tiña feito aquí desde o século pasado: crear mundo común.

Ás artes, ao igual que os feitos como di o filósofo Bruno Latour³, para que sobrevivan “aos lobos” hai que sostelas, non poden vivir soas. Os lobos di Latour, son “os que devoran os feitos. Un feito debe estar instalado nunha paisaxe, sostido por costumes de pensamento, fan falla instrumentos e institucións”. O mesmo poderíamos dicir do feito artístico. Importan pois, para evitar ser devoradas pola lóxica extractivista das axentes mercantís do circuito institucional da arte contemporánea en Galicia, qué mundos (da arte) están a crear mundos (da arte), parafraseando a bióloga e filósofa Dona Haraway⁴.

Se o mundo das artes vivas logra crear un mundo común atopáronos nun escenario máis amable, afectivo, redistributivo e aberto para as nosas prácticas. Esta cuestión non se plantexa desde un xuízo intelectual sobre o mellor ou o peor senón sobre o feito histórico de que o modelo de mundo da arte contemporánea foi creado por un mundo (da arte) que xa non é máis; sostelo sen mudalo é contribuir ao réxime zombie da cultura. É hora do tránsito.

A paisaxe na que se sustiña a cultura en Galicia está asolagada por unha vaga de queimas controladas que rematan sistemáticamente en incendio. Non se trata de repartir as cinzas, como propón o actual réxime institucional de falsa concorrència competitiva, tampouco de seguir activando o actual ciclo de produción e consumo cultural – programas culturais pirófilos – senón de coidar dos gromos que os eucaliptais non estaban deixando xermolar.

3 Bruno Latour: “El sentimiento de perder el mundo, ahora, es colectivo” El País, 31/03/2019 [https://elpais.com/elpais/2019/03/29/ideas/1553888812_652680.html]

4 “Seguir con el problema. Generar parentesco en el Chthuluceno” Trad. Helen Torres. Ed. Consonni, 2019.

“resulta imprescindible facer da distancia social obrigatoria un espazo de mobilidade colectiva coreografiada”

Estamos a vivir un momento de fonda transformación do marco da sensibilidade colectiva, coa singularidade de que non estamos legalmente habilitadas para facelo xuntas, nin podemos abolir a distancia emocional que nos impón a distancia física. É por iso que resulta imprescindible facer da distancia social obrigatoria un espazo de mobilidade colectiva coreografiada.

A mobilidade tórnase hoxe unha cuestión fundamental para as nosas vidas e as nosas prácticas. Necesitamos unha mobilidade que non aposte máis por seguir o imperativo cinematográfico “*Danzad malditos, danzad*” que parece querer alentar a Xunta de Galicia coa súa campaña mediática #aculturasegue non. Unha mobilidade colectiva que active o freo de emerxencia, consciente e decidida⁵.

Porque a pregunta hoxe xa non é se a cultura é segura ou pode garantir a inmunidade do seu público senón se a cultura é segura e pode garantir a supervivencia da súa propia comunidade cultural. Quizáis a conxura contra o sentimento colectivo de morte que nos ronda poida ser o principio dunha nova comunidade de danzantes. Da coreografía desa mobilidade orixinaria do ritmo contra a morte e da súa orientación cara o recoñecemento colectivo e a tolerancia respecto do que nos é estrano, nunha sincronización non necesariamente demasiado humana capaz de evitar os efectos de desigualdade dos procesos competitivos pola conquista da inmunidade artística, biolóxica e social, dependerá a nosa supervivencia colectiva como arte viva.

Texto 11. Cara a unha escena plural. Ania González

Publicado en agosto de 2020 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa en 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.

⁵ Santiago Alba Rico, “*Pímulas críticas arredor da COVID-19*”. Axóuxere Editora, 2020. [<https://vimeo.com/446427544>]